



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea a escola infantil (0-3 anos) do Complexo Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se modifican os estatutos da sociedade pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada LU-104 entre A Volta e Aguias, a prol do Concello de Muras (Lugo).

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se establecen os criterios para a subscripción de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación.
- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE, e a Fundación Empresa-Universidade Galega, FEUGA, para a acollida de bolseiros.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe preliminar sobre o Cumio Galicia-Asturias que se celebrará os días 29 e 30 de xaneiro.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre a contratación temporal en Galicia.



A VICEPRESIDENCIA PON EN MARCHA EN VIGO A PRIMEIRA ESCOLA INFANTIL NUN COMPLEXO ADMINISTRATIVO DA XUNTA

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de decreto para a futura gardaría*

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, vai crear unha escola infantil -para nenos e nenas de 0 a 3 anos- no Complexo Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, situado na Praza da Estrela. Trátase da primeira gardería deste tipo que se porá en marcha nun edificio administrativo autonómico para atender aos fillos e fillas pequenos do persoal ao servizo da Xunta de Galicia en Vigo. Estímase que o seu custo anual será duns 66.000 euros en gastos de mantemento.

O Goberno galego está executando xa as obras de acondicionamento dun local situado na planta baixa do complexo administrativo da cidade de Vigo. O proxecto inclúe dúas unidades na futura escola infantil, unha para cativos de entre 0 e 2 anos e outra para nenos de 2 a 3 anos. A superficie total construída será de 155,23 metros cadrados.

As dependencias previstas que terá a escola son: unha sala de usos múltiples, un despacho, un aula para nenos de 0 a 2 anos, unha zona de hixiene para estes cativos, outra aula para nenos de 2 a 3 anos cun aseo incluído, unha oficina, unha zona de aseo e un vestiario para o persoal, e por último, un corredor. Posteriormente, o centro disporá ademais dun espazo de xogos ao aire libre.



A XUNTA FIXA OS CRITERIOS PARA A SUBSCRICIÓN DE ACORDOS OU CONVENIOS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- ***O Goberno galego establece por primeira vez pautas que regulen a colaboración entre a Administración e os medios***

O Consello da Xunta fixou hoxe os criterios polos que se rexerán as subscricións de acordos ou convenios do Executivo galego coas empresas titulares de medios de comunicación.

Os baremos que se terán en conta entre os medios serán o referido ao emprego regular do galego normativizado, seguindo o Decreto 173/1982, do 17 de novembro; a difusión e audiencia en función dos obxectivos e públicos das accións obxecto de axuda. Neste sentido teranse en conta os datos facilitados por entidades como OJD, EGM ou AIMC.

Tamén se valorará a planificación operativa de medios e a eficiencia dos soportes de comunicación, de acordo cos obxectivos e grupos de poboación destinatarios da acción e a difusión de cada medio.

A innovación e a creatividade serán aspectos tamén valorados por parte dos xestores, así como a formulación nos proxectos e conceptos como a implantación territorial, local, comarcal e social.

Outro dos puntos recollidos no acordo é que a Xunta de Galicia dará a coñecer, a través da Secretaría Xeral de Comunicación, un informe anual no que se relacionarán os acordos ou convenios suscritos coas empresas titulares dos medios de comunicación



XUNTA E FEGAMP ACORDARÁN O CONTIDO DO PACTO LOCAL QUE REXERÁ NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun acordo entre a Consellería de Presidencia e a Fegamp, ao abeiro do cal se establece o contido e o desenvolvemento do Pacto Local que rexerá en Galicia. Neste acordo inclúense compromisos financeiros expresos para mellorar a economía dos concellos, así coma a creación de comisións paritarias entre a Fegamp e as distintas consellerías que teñen coma obxectivo a modificación de normas concretas. Ao mesmo tempo, a Comisión Galega de Cooperación Local desenvolverá de maneira particular cada aspecto do Pacto.

Así, entre os compromisos recollidos no texto, figura un incremento do fondo local complementario en 6 millóns de euros anuais durante o período 2006-2009; mentres que o fondo principal e o fondo adicional se incrementarán de acordo co crecemento vexetativo que experimenten os capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración Autónoma. No seo da Comisión Galega de Cooperación Local tamén se estudará a creación dun fondo de compensación interterritorial co fin de paliar os desequilibrios existentes en materia de infraestruturas físicas, económicas e sociais.

O pacto local será asinado mañá polo titular do Executivo autonómico e polo presidente da Fegamp.



O CONSELLO AUTORIZA A SUBSCRICIÓN DUN ACORDO DO IGAPE E FEUGA PARA APOIAR A FORMACIÓN DE NOVOS TITULADOS

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun acordo de colaboración do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) coa Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) para facilitar a formación de bolseiros en dependencias do citado instituto.

Mediante esta colaboración os novos titulados universitarios poden acceder a unha formación de carácter práctico que pretende facilitar o seu acceso futuro ao mercado laboral. Ao mesmo tempo, o acordo Igape-Feuga permite en moitos casos un maior achegamento do Instituto ao tecido empresarial, dado que a experiencia acadada repercute a miúdo nos futuros profesionais da empresa que os acolla.

Ao abeiro deste acordo de colaboración poderán concederse en 2006 ata un máximo de 30 bolsas dirixidas a titulados universitarios (enxeñeiros, licenciados ou diplomados) e cunha duración que non superará os doce meses.

No Igape, os bolseiros seleccionados poderán completar a súa formación universitaria con formación práctica en áreas do instituto como os servizos xurídicos, servizos de xestión económica e financeira, seguimento e coordinación de programas, información especializada sobre o marco de apoios a empresas e emprendedores, difusión tecnolóxica ou internacionalización.



POLÍTICA TERRITORIAL CEDE AO CONCELLO DE MURAS A TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA AUTONÓMICA LU-104

- *Trátase do treito entre A Volta e Aguias, que alberga exclusivamente tráfico urbano, xa que o interurbano discorre pola LU-540*

O concello lugués de Muras pasará a ostentar a titularidade do tramo urbano da estrada LU-104 entre A Volta e Aguias, segundo establece o Decreto da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Dito tramo de vía ten un carácter marcadamente urbano por mor do tráfico que percorre este traxecto e está beirada de edificacións nunha parte importante do seu trazado. Ademais, existe unha vía alternativa, (a LU-540), que canaliza os tráfico interurbanos.

Cabe recordar que a Lei de Estradas de Galicia establece que “as estradas autonómicas, provinciais ou os treitos das mesmas nos que a circulación adquira características urbanas, se entregarán ós concellos respectivos”.

A entrega deste tramo de estrada formalizarase durante os dous meses seguintes á publicación do Decreto aprobado hoxe no Diario Oficial de Galicia.

Unha vez asumida a súa titularidade, o Concello de Muras correrá con tódalas actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da devandita vía, e calquera outra que lle corresponda como Administración titular dese tramo.



A XUNTA REACTIVA O CUMIO GALAICO-ASTURIANO LOGO DE SETE ANOS DE INEXISTENCIA

▪ *As reunións de traballo terán lugar en Santiago os vindeiros 29 e 30 de xaneiro*

O Consello da Xunta de Galicia estudiou hoxe un informe preliminar sobre os asuntos que centrarán o VII Cumio Galaico-Asturiano, que terá lugar en Santiago de Compostela os vindeiros 29 e 30 de xaneiro.

O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, e o seu homólogo asturiano, Álvarez Areces, reuniranse no Hostal dos Reis Católicos para presidir o VII Cumio Galicia Principado de Asturias.

A decisión de reactivar o cumio tomárona os presidentes de Asturias e Galicia, reunidos en Lugo o pasado día 4 de outubro. Alí, ambos mandatarios acordaron ademais que a xuntaza pasaría a ter carácter anual.

O encontro constituirá unha primeira xuntanza á que seguirán sucesivas reunións de traballo, que se celebrarán de maneira alterna en cada unha das dúas comunidades autónomas, para o progresivo desenvolvemento dos proxectos comúns. Estes encontros teñen como principal obxectivo relanzar a cooperación entre os dous gobernos, que levaba aprazada dende o último cumio celebrado en Taramundi no ano 1999.

É pois o primeiro programa bilateral en seis anos, no que os responsables de ámbalas dúas administracións queren abordar problemas comúns e construír en positivo o futuro das dúas comunidades.

O cumio, que comezará o domingo 29 pola tarde, establece a celebración de oito reunións sectoriais entre consellerías dos dous gobernos. Estes encontros terán lugar o mesmo domingo, quedando a xornada do luns dedicada ao Plenario e presentación de conclusións. Está previsto que ao cumio asistan os conselleiros e membros dos seus equipos das áreas sobre as que están constituídas mesas sectoriais.

Os temas das mesas de traballo serán a modernización e mellora da Administración; infraestruturas e política territorial; benestar social; medio ambiente e desenvolvemento sostible; cultura e turismo; educación e innovación; medio rural e pesca e asuntos marítimos.

A Consellería de Presidencia galega e a de Economía do país veciño reuniranse para estudar posibles vías de mellora das administracións. Abordaranse diversas propostas de convenio marco referentes a un rexistro telemático común e a un rexistro de



licitadores, tamén se traballará na colaboración en formación *on line* para funcionarios. Dende ambas as consellerías pretenderase levar a cabo programas de formación para directivos así como sistemas de Coordinación dos efectivos e actuacións de protección civil en caso de incendios forestais e outras continxencias.

Noutra das mesas traballarán as consellerías de Política Territorial da Xunta de Galicia, a de Medio Ambiente e Infraestruturas asturiana, xunto coa de Presidencia da comunidade veciña. No encontro analizaranse as infraestruturas viarias e de transporte, onde se incidirá na Autovía do Cantábrico ou no planteamento do futuro FEVE. Política territorial e urbanismo será tamén tratado nesta xornada. En materia de portos verase a planificación conxunta de continxencias na ría de Ribadeo ou o deseño de políticas conxuntas en materia de portos deportivos.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar será a encargada de representar á Xunta de Galicia na sesión de traballo que analice as políticas de benestar social.

A consellerías de Medio Ambiente galega e a súa homóloga asturiana xunto coa de Presidencia desta comunidade tratarán temas referentes á extensión das sendas verdes, á coordinación na xestión dos recursos piscícolas fluviais e acordos de cooperación en materia de abastecemento e saneamento de augas.

O intercambio de exposicións e grupos musicais e teatrais, entre outros, ou a recuperación e promoción do camiño primitivo a Santiago xunto coa promoción conxunta da cultura castrexa serán os aspectos sobre os que versará o traballo das consellerías de Innovación e Industria da Xunta e as consellerías de Cultura e Deporte.

No que atinxe ao turismo, ambas consellerías traballarán no plan de promoción turística do cantábrico occidental, na revitalización da cooperación dentro do programa etapa verde e no intercambio turístico en temporada baixa para empregados de ambas as administracións.

A reunión entre as consellerías galegas de Educación e Innovación coa asturiana de Educación terá como eixes a acción estratéxica en materia de coordinación e complementariedade de infraestruturas de investigación, a posta en común da experiencia para a implantación do IEES, ou a posible colaboración con Galicia no Centro de Investigación de Ciencias da Vida, entre outros asuntos.

Os departamentos de Medio Rural das dúas comunidades abordarán a elaboración dun posible acordo institucional para fortalecer a colaboración na loita contra incendios, modelos de xestión forestal, ou o acordo de colaboración entre o CISMADERA e o futuro centro Tecnolóxico de la madera de Asturias.



En canto á gandeiría, ambas os dous departamentos iniciarán procesos de colaboración en materia de sanidade animal, de mellora xenética e tamén buscarán o fomento da colaboración entre laboratorios en materia de alimentación animal.

Tanto os responsables de Pesca galega e asturiana porán sobre a mesa a posibilidade de intercambio de permisos temporais de pesca en augas limítrofes da ambas as comunidades, o intercambio de información e experiencias en materia de vixilancia pesqueira e regulación ou a unificación da xestión dos recursos na ría do Eo.



DURANTE O PERÍODO 2000-2004 A CONTRATACIÓN TEMPORAL SUPUXO O 92% DA TOTALIDADE DOS CONTRATOS REALIZADOS EN GALICIA

- *Pola contra a contratación indefinida en Galicia tan só supuxo o 8,4% do total, aínda así esta cifra experimentou lixeiros incrementos ao longo do período*
- *O sector servizos é o que presenta a maior contratación temporal, nembargantes é tamén o grupo que rexistra un maior volume de emprego*
- *A temporalidade foi a norma habitual entre as mulleres, xa que os contratos indefinidos só supuxeron o 4,14%*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o Informe sobre a Contratación Temporal en Galicia elaborado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, no que se analiza a realidade da contratación temporal na comunidade autónoma durante o período 2000-2004. O obxectivo deste estudo é que as decisións sobre as políticas públicas sexan o máis eficientes e eficaces no camiño de conseguir un emprego estable e de calidade para todos os galegos e galegas.

O informe recolle os datos sobre a contratación temporal das catro provincias galegas, así como das comarcas que engloban ás sete grandes cidades de Galicia durante o período 2000-2004. Outro dos capítulos de análise fai referencia aos datos do primeiro semestre do ano 2005 en Galicia e nas catro provincias galegas. Por último, ofrécense as taxas de rotación (relacionan o número de contratos co número de persoas contratadas) e de ocupación temporal (refírense aos datos de traballo temporal e indefinido), tanto das catro provincias coma das 53 comarcas de Galicia.

Segundo se recolle no informe, durante o período 2000-2004, a contratación temporal representou o 92% da totalidade dos contratos realizados na nosa comunidade, aparecendo o maior volume na modalidade de obras e servizos. Por circunstancias da produción, este contrato ten unhas condicións moi definidas, con limitacións temporais que implican unha grande rotación de traballadores.

En canto aos datos sobre a contratación indefinida, esta tan só supón o 8,4% da contratación galega, cifra que experimentou lixeiros incrementos nos últimos anos, tanto nos contratos indefinidos a tempo total coma a tempo parcial.

Da análise da contratación temporal por sectores, *servizos* é o que presenta maior contratación temporal, aínda que non hai que esquecer que tamén rexistra o maior volume de emprego, sendo o subsector do comercio e da hostalería o que presenta maiores valores en ambas dúas variables. O sector da construción amosa unha taxa



de ocupación temporal moi alta, aínda que é importante ter en conta que é o sector con maior porcentaxe de afiliación á seguridade social. Pola contra, o sector industrial é o grupo que rexistra as máis baixas taxas de ocupación temporal.

En canto os datos por territorios, a taxa de ocupación temporal de Galicia para o ano 2004 é do 34,97%, o que supón unha diminución en máis de medio punto con respecto á media do ano de 2003 (35,65%). Este descenso prodúcese tamén na provincia de A Coruña e Pontevedra, mentres que Lugo e Ourense foron as provincias nas que aumentou o número de ocupación temporal con respecto ao ano 2003.

Taxa de Ocupación Temporal	2002	2003	2004
A CORUÑA	37,90	39,75	38,22
LUGO	26,38	26,60	27,16
OURENSE	31,01	30,98	31,19
PONTEVEDRA	39,70	39,08	38,66
GALICIA	35,12	35,65	34,97

Outro dos parámetros de análise deste estudio baseouse na idade das persoas contratadas, xa que o número de contratos temporais é maior nos grupos de menor idade, especialmente no colectivo entre os 26 e 35 anos e aparecendo os valores máis baixos canto maior é a idade dos empregados.